

A LINGUA GALEGA COMO VANTAXE COMPETITIVA NO MERCADO GLOBALIZADO DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN: MANIFESTO “O GALEGO SUMA E MULTIPLICA”

Lara Domínguez-Araújo e Patricia Buján Otero

Universidade de Vigo

laradoar@uvigo.gal e bujan@uvigo.gal

[Recibido 25/05/20; aceptado 14/07/20]

A continuación reproducimos integramente o manifesto redactado e feito público durante a última fin de semana de maio de 2020 para visibilizar a vantaxe competitiva que supón a capacitación na lingua galega, ao mesmo nivel que a castelá, como lingua de traballo do alumnado da titulación de Tradución e Interpretación da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. O manifesto, ideado e redactado inicialmente por Lara Domínguez e impulsado grazas á colaboración de Patricia Buján, baséase na experiencia e coñecemento da realidade profesional das persoas que o asinan, quen avalan, coa súa traxectoria, a vantaxe competitiva que lles supuxo a lingua galega para abrirse camiño e vivir da profesión.

1. O galego suma e multiplica

Desde a nosa experiencia e coñecemento de primeira man sobre as saídas laborais da tradución e a interpretación, **damos o noso apoio á proposta de bilingüismo equilibrado** —defendida polo Consello de Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo para a súa implantación no vindeiro curso académico 2020/2021— pola súa adecuación e pertinencia para a formación de profesionais competentes no século XXI.

Pensamos que unha formación que **combine de forma igualitaria a tradución e a interpretación co galego e o castelán como linguas activas** vai revertir nunha mellor preparación para o mundo profesional, pois a práctica destas por separado leva á conciencia sobre as interferencias entre ambas e a mellor expresión e calidade lingüísticas nas dúas, algo fundamental como carta de presentación e garantía de continuidade laboral no sector.

Como profesionais formadas na súa maioría na FFT da UVigo que exercemos a tradución e a interpretación en todo o mundo, **damos fe de que o galego nos abriu portas de emprego ao longo da nosa traxectoria profesional**. Ademais, gustaríanos destacar que este tipo de oportunidades nos permitiu, nun gran número de ocasións, traballar tamén coas mesmas

empresas, clientes finais e axencias de tradución desde e cara ao castelán, polo que podemos afirmar, sen ningunha dúbida, que o galego non só suma, senón que **multiplica**.

Como mostra, achegamos, en primeiro lugar, algúns dos ámbitos e encargos nos que traballamos co galego e, en segundo lugar, unha listaxe — non-exhaustiva pero coidamos que representativa— de empresas, institucións e clientes finais que solicitaron os nosos servizos de tradución, revisión, corrección, localización, interpretación e terminoloxía entre o galego e outras linguas (alemán, castelán, catalán, croata, dinamarqués, francés, húngaro, inglés, italiano, noruegués, portugués, serbio, sueco, xaponés...).

2. Ámbitos e encargos

Medicina e sanidade

- Interpretación simultánea en congresos especializados
- Interpretación consecutiva e de enlace en servizos asistenciais (citas médicas e hospitais).
- Tradución, revisión, validación e deseño de proxectos:
 - Consentimentos informados para participantes en ensaios clínicos
 - Textos informativos para participantes en ensaios clínicos
 - Consentimentos informados para probas de diagnóstico
 - Guías de formación para pacientes
 - Protocolos clínicos
 - Entrevistas cognitivas para pacientes con doenzas crónicas
 - Contratos de ensaios clínicos entre equipos de investigación/hospital e laboratorios farmacéuticos para hospitais
 - Manuais de formación para servizos sanitarios
 - Cuestionarios de resultados comunicados por pacientes para seguimento de doenzas crónicas
 - Cuestionarios de saúde e de calidade de vida
 - Cuestionarios diagnósticos
 - Sistemas interactivos de resposta por voz
 - Proxectos de entrevistas de validación lingüística das traducións dos documentos dos ensaios clínicos e de cuestionarios...

Economía e finanzas

- Tradución, localización, revisión e xestión de proxectos:

Presenza en liña de entidades bancarias

- Formularios

- Contratos bancarios
- Análises de mercado...

Software e tecnoloxías da información

- Interpretación consecutiva e de enlace en roldas de prensa de presentación de novos produtos
- Tradución, localización, revisión e xestión de proxectos:
 - Páxinas web
 - Aplicacións informáticas
 - Interfaces de dispositivos portátiles
 - Interfaces de electrodomésticos
 - Manuais de uso
 - Navegadores web
 - Correspondencia comercial
 - Contratos
 - Novas tecnoloxías de I+D
 - Programas informáticos
 - Videoxogos
 - Comunicación empresarial de empresas de videoxogos
 - Notas informativas en portais web para as persoas usuarias...

Agricultura, pesca e alimentación

- Interpretación simultánea en congresos especializados
- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Receitas
 - Etiquetaxe
 - Descricións de produtos para os sectores vitivinícola, avícola, micoloxía e pesca
 - Material publicitario para os sectores vitivinícola, avícola, micoloxía e pesca
 - Manuais sobre pesca e marisqueo
 - Cuñas e folletos publicitarios para empresas de alimentación
 - Tendas en liña...

Educación

- Interpretación consecutiva de conferencias divulgativas en institutos
- Tradución, revisión e xestión de proxectos:

- Proxectos interdisciplinares
- Aplicacións
- Unidades didácticas...
- Plataformas de aprendizaxe
- Material lúdico infantil...

Industria e empresa

- Interpretación de enlace:
 - Negociacións comerciais
 - Visitas guiadas a fábricas

- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Memorias anuais
 - Notas de prensa
 - Textos de etiquetaxe e publicidade para empresas do sector téxtil
 - Convenios colectivos
 - Manuais sobre saúde e seguridade laboral
 - Manuais de sociedades laborais
 - Memorias de actividade...

Arquitectura

- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Textos de convocatorias de premios
 - Catálogos de restauración de obras
 - Publicacións especializadas
 - Páxinas web...

Turismo

- Interpretación simultánea en congresos especializados en turismo e sobre o Camiño de Santiago
- Sitios web, folletos e catálogos sobre turismo,
- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Textos para gravacións de audio de autobuses turísticos
 - Folletos para concellos (Carballo, Fisterra, Vigo...)
 - Manuais de formación para empresas turísticas

- Paneis informativos
- Documentos sobre o Camiño de Santiago
- Revistas de investigación e catálogos sobre o Camiño de Santiago...

Medios audiovisuais

- Interpretación consecutiva de conferencias de presentación de proxeccións cinematográficas
- Interpretación de enlace en entrevistas con artistas relevantes (do cine e da literatura)
- Tradución para a dobraxe:
 - Series de animación
 - Filmes
 - Documentais
 - Series de ficción
- Tradución de subtítulos:
 - Longametraxes de ficción para salas de cine
 - Documentais para presentacións locais
 - Para ciclos de cinema ao aire libre
 - Curtametraxes e longametraxes para festivais nacionais e internacionais de cine
- Revisión lingüística de producións audiovisuais
- Revisión lingüística de dobraxe

Industrias do luxo

- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Textos específicos do sector da xoiaría e reloxaría
 - Textos divulgativos para o sector da cosmética e perfumaría
 - Textos promocionais para o sector da alta costura...

Ciencia e sociedade

- Interpretación simultánea:
 - Congresos especializados do terceiro sector

- Encontros divulgativos sobre política e sociedade
 - Seminarios de debate
 - Xornadas divulgativas
 - Congresos especializados sobre o medio mariño
 - Xornadas sobre literatura
 - Interpretación consecutiva:
 - Visitas a Galicia de altos cargos da Unión Europea
 - Reunións con ONG
 - Roldas de prensa
- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Informes científicos
 - Artigos científicos
 - Guías didácticas sobre ciencia
 - Informes divulgativos sobre pesca
 - Tratados teóricos de física de primeira orde...

Automoción

- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Materiais promocionais
 - Instrucións (vídeos explicativos de distintas funcións do automóbil)
 - Catálogos...

Administración, política e sector institucional

- Interpretación simultánea:
 - Entrevistas en directo a representantes diplomáticos na CRTVG
 - Intervencións de representantes electos na cámara alta
 - Intervencións de representantes en institucións europeas nas que se permite o uso de linguas autonómicas
- Interpretación consecutiva e de enlace:
 - Reunións entre representantes políticos europeos
 - Roldas de prensa de representantes políticos estranxeiros
- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Boletíns oficiais do Estado
 - Seguros
 - Revistas sobre administración pública

- Temarios para oposicións á Xunta de Galicia...

Cultura e comunicación

- Interpretación consecutiva:
 - Conferencias de presentación de ciclos de arte
 - Entrevistas radiofónicas
 - Roldas de prensa (presentación de exposicións artísticas, presentación de ciclos de música)
- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Textos explicativos de exposicións de arte
 - Catálogos para exposicións
 - Catálogos artísticos
 - Interfaces de xogos interactivos en exposicións...

Edición

- Interpretación simultánea en congresos internacionais
- Tradución, revisión e xestión de proxectos:
 - Contratos de cesión de dereitos de autoría
 - Catálogos de presentación de obras literarias
 - Obras de teatro
 - Libros de narrativa
 - Revistas xeralistas
 - Poemarios
 - Contos para publicacións periódicas
 - Libros de texto
 - Manga
 - Obras de investigación
 - Obras de divulgación
 - Banda deseñada
 - Álbum ilustrado
 - Ensaio
 - Cancións
 - Biografía
 - Literatura infantil e xuvenil
- Elaboración de glosarios multilingües para material didáctico de aprendizaxe de linguas (francés)...

3. Listaxe de entidades

- A Mesa pola Normalización Lingüística
- ABA films
- Abanca
- Acción contra a Fame
- ACNUR
- AGE
- Agrega
- Agroseguro
- Agrupación Empresarial de Sociedades Laborales de Galicia (AESGAL)
- Aira Editorial
- Alcatel
- Alfaguara
- Alsa
- Alvarellos
- Amnistía Internacional
- Android
- Anfitriones turismo
- Asociación Española de Dermatoloxía e Venereoloxía
- Asociación Galega da Lírica
- Axencia Tributaria
- Axencias de localización
- Axencias de localización de software
- Ayuda en Acción
- BabalúVox
- Baía Edicións
- Baía Edicións
- Banco Sabadell
- Banco Santander
- Barilla
- BBC Scotland
- Bbo subtitulado
- BEST DIGITAL
- Blackberry
- BNG
- BOE
- Boletín Oficial do Estado
- Caes Seguros
- Caixanova
- Canon
- Carrefour
- Caser Seguros
- Catro Ventos Editora
- Centro Galego de Arte Contemporánea
- Chrome

- Chromecast
- Cidade da Cultura
- Cinemar
- Clece
- Clúster Audiovisual Galego
- Clúster Saúde de Galicia
- Concello da Coruña
- Concello de Poio
- Concello de Vigo
- Consellería de Cultura e Turismo
- Consellería de Innovación e Industria
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
- Consello da Cultura Galega
- Coordinadora Galega de Festivais de Cinema
- Corporación Hijos de Rivera S.L.
- Correos
- CRTVG
- Cruz Vermella
- CTV Producciones Audiovisuales
- DaedalicEntertainment
- DDA | Sonorización, locución e dobraxe
- Dirección Xeral de Turismo
- Dr. Alveiros
- ECC
- Ediciones Antígona
- Edicións Xerais de Galicia
- Editorial Galaxia
- Empresas de maquinaria
- Empresas de telefonía móbil
- Empresas do sector agroalimentario
- EnerGalicia
- Entreculturas
- Eroski
- Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
- Everycode
- Fabulatorio
- Facebook
- Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias (FAGAL)
- Festival de Cans
- Fiare Banca Ética
- FIATC Seguros
- Filmin
- Firefox
- Fundación Arquia
- Fundación Barrié
- Fundación Caixa Galicia

- Fundación Carlos Casares
- Fundación Galiza Sempre
- Fundación Luis Seoane
- Fundación Uxío Novoneyra
- GADISA
- Gas Natural
- Gato Salvaje Studio
- General Óptica
- Gmail
- Google
- Google Home
- Google Maps
- Google My Business
- Google Pay
- Google Search
- Grupo Nove
- Health Research Associates Inc.
- Huawei
- Hugin e Mugin
- ICÓN
- IKEA
- Imaxe Galega
- Imaxin Software
- Implicadas no Desenvolvemento
- Inditex
- INEM
- Instituto Aragonés de Salud
- Instituto de Investigacións Mariñas
- Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)
- Irmás Cartoné
- IT
- Johnson & Johnson
- Kalandraka
- Kutxabank
- "la Caixa"
- Laiovento
- Larsa
- Lumen
- Marcha Mundial das Mulleres
- McGraw Hill
- Merck
- Microsoft
- Ministerio de Cultura
- Ministerio de Exteriores
- Miramemira
- Motorola
- Museo de Arte Contemporánea de Vigo

- Museo de Pontevedra
- Museo do Pobo Galego
- n-550
- Naturgy
- Navigator
- Netflix
- Nokia
- Novacaixagalicia
- NUMAX
- ONCE
- Open Office
- OPPO
- Orange
- Osakidetza (Servizo vasco de saúde)
- Oxford University Press
- Parlamento de Galicia
- Pearson
- Pixel
- Polygon-e
- Proxecto Laces Economía Social
- Qualcomm
- R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U.
- RBA Libros
- Reale Seguros
- Renault
- Renfe
- Repsol
- Reverso Comunicación Cultura e Lingua SL
- Revista Galega de Teatro (Erregueté)
- Rinoceronte
- RWS
- S.A. de Xestión do Plan Xacobeo
- Samsung
- Scouts de España
- SDI Media Iberia
- Seguridade Social
- Segurisa
- Senado
- SERGAS (Servizo Galego de Saúde)
- SGAE
- Sindicato Labrego Galego
- Sociedad Estatal de Loterías y Apuestas del Estado
- SODINOR
- SONGASA
- Sony
- Sony Ericsson
- Studio XXI Producciones

- Subtextos
- Subtitularte, S.L.
- Telefónica
- Telegram
- The European Association of Daily Newspapers and Regional Languages (MIDAS)
- Tórculo Comunicación Gráfica S.A.
- Trea Ediciones
- Triodos Bank
- Turgalicia
- Tusquets
- UDC
- Universidade de Santiago de Compostela
- UnoTV
- Urco Editora
- Vacafilms
- Vídeo Galicia
- Vitaldent
- Vodafone
- Waze
- Yoigo
- YouTube
- Zona Franca de Vigo

4. Asinantes

Ainoa Antelo Pérez. Graduada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutora e revisora autónoma en campos como a localización de software ou a tradución audiovisual. Traballa principalmente do inglés ao galego. Zas.

Alba Calvo Porrúa. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Localizadora de máis de 500 videoxogos, con 12 premios e nominacións. Vigo.

Ana Buján Fra. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutora autónoma. Especializada en tradución xurídica, así como no turismo e na industria do luxo (xoiaría, reloxaría, cosmética e perfumaría, alta costura). Tradutora xurada francés-galego. Vigo.

Ana Hermida Ruibal. Diploma de Estudos Avanzados en Tradución e Paratradución pola UVigo. Colaboradora da Universidade de Lisboa e do Instituto Camões de Vigo. Tradutora, correctora e coordinadora de proxectos autónoma. Pontevedra.

Ana Varela Miño. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutora e intérprete da Administración de Xustiza. Poeta. Premio Francisco Añón e Premio Gonzalo López Abente de poesía. Narón (Ferrolterra).

Antía Veres Gesto. Tradutora autónoma especializada en tradución editorial e galardoada co I Premio Realía de Tradución (2017) e co XVIII Premio Plácido Castro de Tradución (2019). Premio Extraordinario Fin de Carreira da

UVigo. Tradución de produtos dixitais e material de mercadotecnia de diversas empresas. Vigo.

Anxos Sobriño Pérez. Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa. Lingüista na Audiencia Provincial de Pontevedra, onde se desenvolven labores de asesoramento lingüístico, corrección e tradución. Entre 2002 e 2005, tradutora-intérprete na Dirección Xeral de Xustiza. Pontevedra.

Béatrice Pépin. Licenciada en T&I (homologación). Erasmus, lectora de francés e profesora interina na UVigo. Tradutora e revisora autónoma con dobre perfil: económica e financeira; humanística e eido cultural. Ten publicada *Terre de Galice, histoire d'un finistère européen* (PUR, 2019), a versión cara ao francés da *Historia de Galicia* do profesor Ramón Villares. Vigo.

Cristian Marcote Lobelos. Graduado en Tradución e Interpretación pola UVigo e estudante do Mestrado en Comercio Internacional na mesma universidade. É tradutor e revisor por conta propia con 5 anos de experiencia no eido técnico e financeiro. Vigo e A Coruña.

Cristina Marey Castro. Graduada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Diploma en Xénero, Cultura e Poder pola UNSAM-IDAES (Arxentina), onde ademais está a rematar un Mestrado en Antropoloxía Social. Tradutora e revisora autónoma. Bos Aires.

David A. Álvarez Martínez. Licenciado en Filoloxía Inglesa e Alemá pola USC. Mestrado en Tradución Audiovisual en ISTRAD / Universidade de Cádiz. Docente de lingua alemá e tradutor editorial dende o sueco e o alemán. Secretario da Asociación Galega de Xermanistas e co-organizador da I Xornada de Tradución Literaria Alemán-Galego. Premio da Gala do Libro 2018 ao libro mellor traducido por *Pippi Mediaslongas* (Kalandraka). Santiago de Compostela.

Erín Moure. Doutora Honoris Causa pola UVigo. Poeta e tradutora por conta propia. Poeta en inglés e galego. Tradutora ao inglés de *Os eidos* de Uxío Novoneyra, *Carne de Leviatán* de Chus Pato Montreal (Quebec), e *Follas Novas* e *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, entre outras obras. Montreal (Quebec).

Fernando Moreiras Corral. Licenciado en Tradución e Interpretación e Mestrado en Tradución Audiovisual pola UVigo. Leva publicadas 29 traducións ao galego dos eidos literario, ensaístico e divulgativo. Ameaza con que sexan máis. Premio Plácido Castro 2010. Vigo.

Francisco de Borja González Tenreiro. Tradutor e intérprete nacido em Ferrol, licenciado em Direito, especializado em tradução jurídica e financeira. Mais de 15 anos de experiência. Reside entre Galiza e Portugal.

Gabriel Álvarez Martínez. Doutor en Tradución e Paratradución pola UVigo. Mestrado en Lingüística e Comunicación pola Universidade de Kobe (Xapón). Tradutor de literatura xaponesa (Haruki Murakami, Banana Yoshimoto, Hiromi Kawakami, Jun'ichirō Tanizaki) e de máis dun centenar de volumes de manga. O Carballiño.

Iria Castro. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutora e intérprete autónoma en diferentes campos: localización de software, *marketing*, ciencias sociais... Secretaria da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación. Castroverde (Lugo).

Iria Sobrino Freire. Doutora en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola USC. Profesora de Didáctica da Lingua e a Literatura na UDC. Tradutora literaria. Autora da tradución *Un cuarto de seu* de Virginia Wolf. A Coruña.

Iria Taibo. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo e presidenta da AGPTI. Tradutora e intérprete autónoma. Colaboradora regular de Baía Edicións, A Mesa pola Normalización Lingüística e a Fundación Galiza Sempre. Oleiros.

Jairo Dorado. Tradutor e intérprete autónomo, Axente Intérprete de Conferencias (AIC) perante as institucións europeas con inglés, croata, portugués, serbio, bosniaco, montenegrino e galego ao castelán. Tradutor ao galego do serbio, croata e húngaro. Leipzig.

Javier Peleteiro Nieto. Licenciado en Tradución e Interpretación pola Uvigo. Enxeñeiro de localización, tradutor e revisor autónomo especializado en tradución técnica. Colaborador habitual para clientes finais como Microsoft, Samsung e Google. Vigo.

José Miguel Braña Montaña. Licenciado en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutor autónomo especializado no terceiro sector e a economía social. Cofundador de Catro Ventos Editora. Las Palmas de Gran Canaria.

José-Luis Pérez Morais. Tradutor e intérprete xurado de francés con 15 anos de experiencia. Colabora con editoriais en libros de aprendizaxe de idiomas e leva publicadas unha ducia de traducións no eido da medicina natural e alternativa. Traduce acotío en comunicación empresarial, turismo e o mundo do luxo (moda, reloxaaría, cosmética e estilo de vida). Vigo.

Lara Domínguez Araújo. Doutora en Tradución e Estudos Culturais pola UAB. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Mestrado Europeo en Interpretación de Conferencias pola Universidade de Lisboa. Intérprete e tradutora autónoma. Vigo.

Lara Santos Suárez. Intérprete xurada inglés-galego. Intérprete de conferencias para axencias e institucións nacionais (congresos científico-técnicos, economía, política laboral, proxectos europeos, ciencias do mar e da terra, temas pesqueiros e navais, bioloxía, política agrícola e pesqueira etc.). Tradutora (textos xerais e especializados: ambiente, sector naval, administración e servizos públicos, medicina etc.). Miño.

Laura Linares Fernández. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Lectora de galego na Universidade de Cork, onde está a rematar o seu doutoramento sobre tradución de literatura galega. Tradutora autónoma. Cork (Irlanda).

Laura Sáez Fernández. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutora e intérprete autónoma. Autora de numerosas traducións literarias ao galego (*Harry Potter, O Grúfalo...*). Fundadora de Patasdepeixe editora. O Grove.

Manuel Arca Castro. Graduado en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutor especializado en dobraxe con máis de 400 capítulos de producións audiovisuais vertidos ao galego en dous anos de carreira profesional. Compostela.

María Alonso Seisdedos. Tradutora audiovisual e literaria de alemán, catalán, francés, inglés, italiano e portugués a galego e a castelán. Premio AELG á Mellor Tradución de 2009. Premio Nacional á Mellor Tradución 2014 pola tradución colectiva de *Ulises* de James Joyce. Premio Xela Arias 2018. Goián.

María López Suárez. Licenciada en Filoloxía Galega. Editora, revisora, correctora e tradutora autónoma. Colaboradora habitual de Edicións Xerais, Kalandraka e NUMAX. Narón (Ferrolterra).

María Magdalena Fernández Pérez. Profesora asociada da Universidad de La Laguna. Coordinadora académica do Mestrado Propio en Interpretación de Conferencias (ULL). Intérprete e tradutora autónoma. Tradutora ao galego de *Fahrenheit 451* de Ray Bradbury. La Laguna (Tenerife).

María Mediero Mayán. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutora, revisora, editora e amante de todas as linguas, pero sobre todo da nosa, que aínda ten moito que dicir. Especializada en transcreación, tradución editorial e literaria. Traballa do italiano, portugués e inglés ao galego e castelán. É tradutora xurada de inglés-galego. Vigo.

María Reimóndez. Doutora en Tradución e Interpretación pola UVigo. Intérprete, tradutora, investigadora e escritora. Alén do amplo traballo de tradución literaria cara ao galego, dedícase á interpretación de simultánea, onde traballa con frecuencia co galego ante medios de comunicación e en comisións de investigación do Parlamento de Galicia ou en encontros pesqueiros, culturais ou de sindicatos. Tradutora, correctora e avaliadora de traducións de documentos médicos en galego para axencias de tradución internacionais. Impartiu conferencias sobre T&I co galego como lingua de traballo en universidades como a de Varsovia, Leipzig ou Colgate University.

Mariana Guiadanes Figueiras. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Como autónoma, o galego abriuse camiño traducindo para clientes finais como Microsoft ou Huawei. Na actualidade traballa por conta allea traducindo e revisando principalmente documentación relacionada con produtos sanitarios e o seu software, así como consentimentos informados e prospectos. Vigo.

Martiño Prada Díaz. Director de localización de Spotify de Nova York. Foi xefe do programa de localización de títulos de Netflix e de localización de contido de Asia e India para esta empresa, así como xerente sénior do programa de localización en GoPro, en California. Antes exerceu como tradutor por conta allea e propia e como xefe de produción de servizos de localización. Licenciado en Filoloxía Inglesa e Hispánica e DEA en Tradución e Lingüística pola UVigo. Master of Arts in Translation and Localization Management no Middlebury Institute en Monterey, California. Nova York.

Olga Castro. Doutora en Estudos de Tradución pola UVigo. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo e en Xornalismo pola USC. Profesora de Estudos de Tradución e Hispánicos na University of Warwick. Vicepresidenta da Asociación Británica e Irlandesa de Programas de Posgrao en Tradución e membra correspondente da Real Academia Galega. Secretaria (2009-2012) e vicepresidenta (2012-2015) da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Sutton Coldfield (Gran Bretaña).

Patricia Buján Otero. Doutora en Tradución pola UVigo. Tradutora e editora por conta propia. Colaboradora habitual de Samsung, Deutsche Bahn e Daimler Chrysler. Diversas estadias de traballo en tradución literaria en Berlín, Hamburgo e Straelen (programa Toledo da Fundación Robert Bosch e o Deutscher Übersetzerfonds). Tradutora de *Verbo da teoría da relatividade restrinxida e xeral* de Albert Einstein. A Estrada e Barrantes.

Patricia Sotelo. Tradutora, revisora, correctora e transcritora autónoma. Licenciada en Tradución e Interpretación (UVigo) e en Filoloxía Inglesa (USC). Mestrado en Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras (University of Iowa) e en Edición (USC). Especialista en Tradución e Lingüística (UVigo), membro de TALG (Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega) da UVigo. Socia da AGPTI e de ATRAE (Asociación de Tradución y Adaptación Audiovisual). Tradutora xurada inglés-galego. Vigo.

Ramón Méndez González. Doutor en Tradución e Interpretación pola UVigo. Coordinador do Título de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo. Localizador de máis de 700 videoxogos, con 27 premios e nominacións. Xornalista e autor de 5 libros, con 5 premios e nominacións. Vigo.

Raquel Da Silva González. Tradutora audiovisual autónoma na combinación de inglés, portugués e italiano. Trece anos traducindo para a dobraxe debuxos animados, películas, documentais e series. Entre algúns dos moitos títulos que traduciu cara ao galego encóntranse: *Hunger games*, *Breaking Bad*, *Magnum*, *Doraemon* e *Dragon Ball*. Tradutora xurada de inglés-galego-inglés. O Milladoiro (Ames).

Raquel González Rama. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo e Diplomada en Biblioteconomía e Documentación pola Universidade de León. Tradutora e intérprete autónoma especializada en dereito, economía e turismo. Vigo.

Raquel Senra Fernández. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra (UVigo). Experta en Literatura Infantil e Xuvenil pola USC. Tradutora, ilustradora e animadora da lectura por conta propia. Especializada en transcreación e localización de páxinas web, colabora con empresas do sector da moda, turismo e educación, así como co mundo do libro, no que realiza traballos de tradución, ilustración e animación á lectura. Colaboradora en publicacións sobre investigación en Literatura Infantil e Xuvenil. Santiago de Compostela.

Roberto Romero González. Licenciado en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutor e revisor en réxime autónomo especializado en localización, tradución de materiais deportivos e textos técnicos. Madrid.

Rosa M.^a Camiña Pérez. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Traballa no eido da tradución dende 1985 nos ámbitos máis diversos, cunha ampla experiencia no ámbito da dobraxe, pero tamén no artístico, turístico e divulgativo. Vigo.

Rossana Couto Lago. Licenciada en Filoloxía Inglesa pola USC e en Tradución e Interpretación pola UVigo. Mestrado en Tradución Médico-sanitaria da Universitat Jaume I. Diploma in Translation de Chartered Institute

of Linguist. Tradutora médica para laboratorios farmacéuticos e CRO, especializada en documentación para ensaios clínicos. Tradutora xurada de inglés a castelán. Ordes.

Ruth Layús. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Responsable do equipo lingüístico de galego de Google. Xestora de traducións tradRLQ de inglés e francés a galego e castelán. Tradutora de *Guía do autostopista galáctico*. Ourense.

Saleta Fernández. Licenciada en Tradución e Interpretación pola UVigo. Tradutora autónoma especializada en tradución institucional, nomeadamente para a Comisión Europea e para diferentes organismos e axencias europeas a través do Centro de Tradución dos Órganos da UE de Luxemburgo. Vigo.

Samuel Solleiro. Licenciado en Filoloxía Hispánica e Antropoloxía. Mestrado en Tradución Institucional pola Universidade de Alacante. Traballa por conta propia como tradutor e revisor nos ámbitos audiovisual e editorial, e dedícase principalmente á subtitulación. Traduciu tamén libros de Mary W. Shelley, Marcel Schwob, Raymond Radiguet ou Nobuhiro Suwa. A Coruña.

Tamara Andrés. Graduada en Tradución e Interpretación pola UVigo e doutoranda en Tradución e Paratradución. Tradutora e revisora de textos no eido editorial (Kalandraka, Galaxia, Urutau). Finalista en 2018 do Premio Nacional de Poesía Joven Miguel Hernández e do I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil. Combarro.

Tomás Pérez Pazos. Tradutor autónomo de biomedicina e farmacia. Mestrado en Tradución Científico-Técnica pola Universitat Pompeu Fabra. Licenciado en Tradución e Interpretación pola UVigo. A Pobra do Caramiñal.